



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: 607881916 /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



OPEN LIGA DE CLUBS MAR-COSTA

O Campionato Galego Open de Mar-Costa Clubs, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable dá súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Pontevedra, baixo a supervisión do Comité Técnico dá especialidade.

A Competición rexerese polo Regulamento de Competición de Pesca Deportiva e Casting dá F.E.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase en PRAIA LADEIRA – BAIONA (Capacidade do escenario 10 equipos).
Alternativa PRAIA AMÉRICA - NIGRÁN (Capacidade do escenario 10 equipos)

POR RAZONS DE CAPACIDADE PODENSE USAR AMBALAS DUAS PRAIAS.

Na data :03-11-2018

Por ser esta Competición un Open os Equipos terán que facer, para a súa inscrición, un ingreso de 100,00 €, na conta dá F.G.P. en ABANCA: ES34 2080 0176 9630 4001 0672 antes do día 30-10-2018 as 24,00 horas.

Segundo acordo Asembleario, os Clubs poden presentar mais dun equipo, neste caso terán que inscribilos como equipo A, equipo B, etc. A inscrición, unha vez tódolos Clubs teñan un representante (equipo A), segundo a capacidade do escenario poderanse inscribir os equipos B en función do número de tarxetas federativas de cada Club e así sucesivamente se fose o caso. O día 7 comunicárase aos interesados cantos equipos foron aceptados.

Segundo acordo asembleario será obrigatorio que cada Club achegue unha persoa para facer labores de Control. O non cumprimento deste acordo con levará que os membros do Club non poderán participar na competición.

Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do ano 2019.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

Mangas: Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como no remate dá manga será indicado con sinais acústicas. A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo semidirixido.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: 607881916 /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza e a acedía equiparase ao linguado.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Subministrarao o Comité Técnico e comporase de 5 caixas gavián e 2 de coreano na 1ª manga, e 6 caixas de gavián e 1 de coreano na 2ª manga. Ou prezo por manga é de 15 € (Prezo total para as dúas mangas 30 €), que serán pagados polos participantes na reunión de Delegados ao representante do maiorista.

Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 cm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo o campionato.

Será obrigatorio para todos os deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun cubo de polo menos 17 litros e un osixenador, que estará en funcionamento sempre que haxa capturas no mesmo.

Medición e control das capturas

Consideraranse válidas todas as capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introducíranse no cubo (anzoada ou desanzoada), antes de realizar o lanzamento dá cana.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis ou membros do Comité. En ningún caso poderá realizar, o deportista so a verificación. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.

O/A deportista deberá de realizar o desanzoado dá captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

Programa día 3-11-2018

14,00 horas: Reunión RESTAURENTE PIZZERÍA XUNTOS – NIGRÁN.

14,30 horas: Sorteo de postos.

17,00 horas: Inicio Primeira Manga.

20,00 horas: Fin dá Primeira Manga.

21,00 horas: Inicio dá Segunda Manga.

24,00 horas: Fin dá Segunda Manga.

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Normas de comportamento:

1º Para facer o lance pódese entrar na auga a altura do nocello.

2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza. Preferentemente no centro do posto, retirado a 5 metros coma mínimo dá liña separadora dos postos a súa dereita e esquerda.

3º Ao sinal de fin dá manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello dá auga, cobrando normalmente o aparello e apercebíndose dá chegada dos Controis para a entrega das capturas.

Os deportistas deberan recuperar a liña rápida ou lentamente, pero a acción de recoller a tiróns esta prohibido e suporá a descualificación das capturas realizadas ata ese momento.

4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga ou calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.

5º Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

6º Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó contorna. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final dá proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

8º Soamente poderán entrar nos postos dos competidores os xuíces, Capitáns do seu Club e os Controis a petición dos participantes. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeranse polas Normas dá Federación Española de Pesca e Casting dá especialidade.

Asdo. Gerardo Orol Castro

Presidente do Comité de Mar-Costa



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATOS MAR COSTA

Sorteo de postos:

Os sorteos serán semi-dirixidos, de forma que, na medida do posible, non coincidan deportistas do mesmo Club no sector, e a partir de aí puro.

Controis:

-Só entraran nos postos a petición dos deportistas PARA CONFIRMAR CAPTURAS QUE NON DEAN A MEDIDA.

-Confirmarán as capturas non válidas indicadas polo deportista, sen ter que decidir os Controis, si a peza dá a medida.

-Anotaran calquera incidencia dando traslado ao xuíz da proba, sen entrar en polémicas co deportista.

-As únicas especies que se apuntara 1 punto estando mortas son: FANECA e ALIGOTE.